A Coruña 30 de setembro de 1973.

Sres.
Ouscel Fole y Sr. Alonso
Lugo

Estimados amigos:

Fai catro ou cinco días escribín no nome de Luis, que neste intre síntese imposibilitado de poder escribir, unha carta a Fole onde espricaba os motivos de non poder facer a exposición denantes das festas de San Froilán. Hoxe enviamos unha pequena nota que Luis me foi dictando pra se publicar no catálogo que fagan, e, endemáis, eses catálogos de exposicións feitas en Buenos Aires das que poden entresacar algúns párrafos que foron entreliñados por Luis, si lles parece ben. Tamén van entreliñados os Museos donde hai obras suas e endemáis unha lista de libros de dibuxos e álbumes pra engadir no catálogo, pois cavilamos que é convenente pra unha primeira mostra que fai nesa cidade. Os grabados salen pra esa mañán ou pasado, xa con marcos. Pregámosslles, teñamos ó tanto de como chegóu todo e de nos enviar algún dos catálogos que fagan. Mandamos tamén a lista con nomes, e, asimesmo os precios correspondentes.

Sen mais, aparimos os saúdos meus e un forte abrazo de Luis:

Maruja F. de Seoane

Querido amigo: Recibin a tua carta con moito retraso, pois estivemos en Asturias pra nos despedir de miña nai e meus irmáns. Mais eso do retraso non foi o peor; senón que ~~viñend~~ viando de volta cara a Crunña o 19 diste mes, tivemos un percance no automóvil ~~que~~ derrapamos nunha curva da estrada e paramos da outra beira, o caso foi que Maruxa sofrío algúns hematomas na faciana ~~e anns~~ pes menos cortes nun brazo i eu, con mais mala sorte, rompín a perna dreita perto do xionllo e un ~~hoso~~ oso da moneca do mesmo lado que me imposibilita pra andare.

Sinto moito, pois, non asistir pra inauguración da mostra, pois teño pra, polo menos, trinta longos días mais dos que levo. Mandámolos grabados à ~~E~~ Librería Alonso cando ~~esten~~ esten listos os marcos e penso estonán ahí pras festas do San Froilán.

Sin mais unha forte aperta e lembranzas de Maruxa:



sebane
lui seam
Frane Dalis